

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE OITO PRAZAS (8) DE
SUBALTERNO/A POLO SISTEMA DE QUENDA LIBRE (OEP 2020-2021-2022)****ANUNCIO****INFORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO
DÍA 11.02.2026 ÁS 13:00H**

Primeiro.- Infórmase aos/as aspirantes ao proceso selectivo que, para a axilización dos chamamentos, estes efectuaranse, simultaneamente, polas catro portas de acceso ao pavillón de Navia (ver Anexo I), situadas na entrada principal (portas 1 e 2) e no lateral (portas 3 e 4), por orde alfabético, e consonte a seguinte distribución:

Quenda libre

- Porta 1 (entrada principal): letras da **R á Z**
- Porta 2 (entrada principal): letras da **M á Q**
- Porta 3 (entrada lateral): letras da **E á L**
- Porta 4 (entrada lateral): letras da **A á D**

Quenda libre diversidade funcional

- Porta 1 (entrada principal): letras da **A á Z**

Quenda libre diversidade intelectual

- Porta 2 (entrada principal): letras da **A á Z**

Segundo.- A proba efectuarase en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento de ser chamada, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluída, en consecuencia, do proceso selectivo.

Terceiro.- As persoas aspirantes deberán comparecer para a realización deste primeiro exercicio provistos/as dos seus respectivos DNI/NIE ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Os/as aspirantes/as que non dispoñan deste documento no momento de realizar o exame, non poderán presentarse ao mesmo. En calquera momento o tribunal poderá requirir aos/as aspirantes que acrediten a súa identidade.

Cuarto.- Deberán ir provistos de bolígrafo azul ou negro (non se permite o uso de lapis ou rotulador).



Quinto.- As persoas que precisen certificados de asistencia deberán indicalo así ao momento do seu chamamento. Os certificados serán enviados por correo electrónico nos días seguintes ao da realización do exame.

Sexto.- Durante a realización da proba todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc) terán que estar totalmente apagados/desconectados. Non basta con polos en silencio. O órgano de selección está facultado polas Bases reitoras para declarar como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas.

Sétimo.- Para o bo orden no desenvolvemento desta proba e evitar molestias ós/ás demais aspirantes, deberán permanecer nos seus sitios desde o inicio do exercicio e ata a finalización do mesmo.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria do órgano de selección



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/02/2026 13:29

Páxina 2 de 3

46509-220

CSV: AABBAE-B33EEH-455C2E-DM564R-JTJGHF-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO I

**CONCELLO
DE VIGO**



SUBALTERNOS/AS
OEP 2020-2021-2022

